



OBSERVATORIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES

Resumo Noticias da Galiza Primeiro Trimestre 2012



03/01/2012

Novo recurso de EsCULcA no Caso Lafayette

Despois de que o 20 de decembro a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se inhibise diante do recurso presentado por Fernando Blanco Arce, en nome de EsCULcA, contra a decisión do Fiscal de Área de Ferrol de denegar o testemuño das dilixencias relativas ao caso da presumíbel explotación de menores a bordo do barco Lafayette, o noso observatorio interpuxo recurso de revisión perante o Fiscal Xefe da Audiencia Provincial da Coruña o 27 do mesmo mes.

<http://www.esculca.net/web/node/2066>



06/01/2012

Entregan información sobre complicidade de Fraga Iribarne na política represiva do franquismo

A Comisión da Memoria Histórica da Coruña informou da entrega a María Servini, a xuíza federal da Arxentina que reactivou a investigación sobre o franquismo o ano pasado, de datos que proban que o ex-presidente da Xunta "foi partícipe e cómplice de toda a política represiva contra o pobo". A xuíza xa solicitou ao Goberno Español os nomes e domicilios dos ministros e xefes das forzas de seguridade entre 1936 e 1977.

<http://www.esculca.net/web/node/2070>



13/01/2012

Presentan estudos sobre explotación de menores

A campaña *Roupa Limpa* apresentou estudo sobre cumplicidade do goberno marroquino en exploración de menores en empresas que traballan para o grupo galego Inditex.

<http://www.esculca.net/web/node/2076>



13/01/2012

EsCULcA solicita entrevista ao novo Delegado do Goberno

EsCULcA solicitou a entrevista para tratar formas de xestión institucional das liberdades e trasladar ao novo delegado do goberno a preocupación do Observatorio en relación con dúas materias concretas: as deficiencias que observamos na xestión institucional do exercicio das liberdades de expresión, de reunión e de manifestación no noso país en momentos de protesta social e diferentes intervencións policiais na vía pública relacionadas con controis de persoas.

<http://www.esculca.net/web/node/2079>



17/01/2012

Anuncian Iniciativa lexislativa Popular en Defensa da Sanidade Pública

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública anunciou que nos próximos meses desenvolverá un intenso traballo de recollida de sinaturas a prol de [Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa da Sanidade Pública](#) e de explicación na rúa e nos locais das asociacións da seria e real ameaza que para a Sanidade Pública supón a Xunta de Galicia que preside o Sr. Nuñez Feijoo, que pretende converter un dereito nun negocio.

<http://www.esculca.net/web/node/2081>



25/01/2012

Denuncian decisión de pechar o último Centro de Menores de Xestión Pública

O Comité de Empresa do Centro de Menores de Montealegre, Ourense, denunciou a decisión da Xunta de fechar o último Centro de Menores de Xestión Pública da Galiza. "Con esta decisión elimínase un centro enteiro que presta, desde hai 30 anos, un servizo básico na reinserción na sociedade de menores en risco de exclusión social", afirmou o Comité.

<http://www.esculca.net/web/node/2087>



26/01/2012 -

EsCULcA presenta os três últimos relatórios

O 24 de xaneiro, na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Compostela, EsCULcA presentou aos medios de comunicación os tres últimos relatorios elaborados polo observatorio. Os documentos recollen información relativa a actuacións policiais en tres momentos de protesta social: [o desaloxo da Sala Iago de Compostela](#), [a concentración en solidariedade coas persoas presas diante do C.P. de Teixeira](#) e a [manifestación en reivindicación das seleccións deportivas galegas](#) celebrada en Teo.

<http://www.esculca.net/web/node/2089>



01/02/2012

Comité de Empresa do Centro de Menores de Montealgre convoca concentración

Despois da frustrada reunión que o 27 de xaneiro mantiveron representantes sindicais coa concelleira Beatriz Mato, o comité de empresa do Centro de Menores Montealegre convocou para o 2 de febreiro, às 11:30, unha concentración diante da sede da Xunta en Ourense (Casa de Chocolate) en protesta pola negativa da administración a proporcionar información sobre o futuro do centro, unha vez rematen as obras que está previsto realizar nas suas instalacións, e sobre o destino dos menores que están actualmente internos en Montealegre.

<http://www.esculca.net/web/node/2099>



02/02/2012

EsCULcA presenta denuncia contra facultativo por mala praxe

O 1º de febreiro, EsCULcA presentou no Colexio de Médicos de Coruña escrito para reclamar que se investigue a actuación do facultativo, J.L.P., que o día 23 de novembro realizou exame médico a P.T.B. en presenza de axentes policiais no ambulatorio de Compostela e dispensou un trato despectivo e unha deficiente atención profesional á paciente.

EsCULcA solicitou a abertura de expediente disciplinar por transgresión do código deontolóxico e vulneración de preceitos legais.

Ver [aquí](#) o texto da denuncia.

<http://www.esculca.net/web/node/2102>



04/02/2012

Xulgado por denunciar o xuíz decano da Coruña

A Mesa pola Normalización Lingüística anunciou que o 10 de febreiro o presidente da MLN e portavoz da plataforma Queremos Galego, Carlos Callón, sería xulgado por unha denuncia que presentou contra el o xuíz decano da Coruña, Antonio Fraga Mandián. O motivo é que Callón replicou unhas declaracións que os medios de comunicación puñan na boca de Fraga Mandián no transcurso dun xuízo: “No tengo ningún rubor en usar la ilegalidad del topónimo La Coruña”.

<http://www.esculca.net/web/node/2106>



05/02/2012-

Desestimado recurso en procedemento de dereitos fundamentais

O 2 de febreiro, David Bruzos Higuero e Fernando Blanco Arce, membro da Xunta Directiva e Presidente de EsCULcA respectivamente, foron notificados [do auto ditado o 3 de xaneiro](#) polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que desestimaba o recurso de reposición interposto por ambos nun procedemento de dereitos fundamentais. Os dous recorrentes entendían que se infrinxira o dereito fundamental de reunión e manifestación ao se prohibir a marcha anual ao cárcere de Teixeiro. Guillermo Presa Suárez, representación letrada dos recorrentes e Secretario de EsCULcA, sinalaba no recurso que un óbice puramente formal como incumprir o prazo de comunicación non pode limitar o exercicio dun dereito fundamental, a non ser que ese incumprimento formal teña transcendencia material, o que non era o caso.

<http://www.esculca.net/web/portada?page=9>



08/02/2012 -

Protesta pola convite do Concello de Compostela a defensor da mantaza de Gaza

BDS-Galiza anunciou que protestaría pola actuación no Auditorio de Galicia de Compostela de Idan Raichel, [Defensor da matanza de civis en Gaza actuará en Compostela](#) e autoproclamado “orgullosa embaixador de Israel” Idan Raichel.

<http://www.esculca.net/web/node/2110>



08/02/2012

A administración exonerada de responsabilidade polo morte de Diego Viña

O 21 de decembro, a Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional, ditou [sentenza](#) pola que exime de responsabilidade patrimonial a administración no caso da morte de Diego Viña, acontecida o 22 de setembro de 2004 no cuartel da Guarda Civil de Arteixo en circunstancias que nunca chegaron a esclarecerse.

<http://www.esculca.net/web/node/2111>



11/02/2012 -

Feijóo volve asistir a actos religiosos como Presidente da Xunta

Na axenda pública de Núñez Feijóo do 11/02/2012 incluíase a asistencia ao "acto de ordenación episcopal e toma de posesión de Monseñor Leonardo Lemos Montanet como Bispo da Diocese de Ourense".

<http://www.esculca.net/web/node/2115>



15/02/2012

Suspendida ampliación de Centro de Inserción Social

O Ministerio de Interior suspendeu a ampliación do Centro de Inserción Social de Vigo cuxa finalización estaba prevista para 2014. Neste caso a obra estaba xa licitada (en 10,5 millóns de euros). A actuación triplicaría a superficie das actuais instalacións, sobreocupadas desde que o centro fora inaugurado en 2006.

“Resulta imposible atender tanta xente no CIS de Vigo e chegará un momento en que o cárcere da Lama non poda derivarnos internos. Isto entorpecería a progresión do grao penitenciario que concede un xuíz a un recluso, con enorme prexuízo para el, porque a escasos meses de cumprir condena será obrigado a convivir con outros a quen faltan 15 anos, por exemplo”, argumentaba un sindicalista.

<http://www.esculca.net/web/node/212>



17/02/2012

Negan rotundamente acoso policial a inmigrantes na Corunha

O 16 de Febreiro, representantes do colectivo Sen Papéis, Foro Galego da Inmigración e EsCULcA entrevistáronse con os Concelheiros de SegurancA Cidadá e Assuntos Sociais para tratar a situación de alegado acoso policial (trato vexatório, recurso à violéncia e à intimidación durante as actuacións, informalidades no procedimento de confiscación da mercadoría, etc.) que padecen as persoas migrantes na Corunha. Apesar da rotunda negativa dos representantes institucionais a admitir as

deficiências da actuación policial, a/os representantes dos colectivos cidadáns incidiron no carácter anacrónico da norma que regula a actuación dos agentes e no feito de a venda non regulada que practican estas persoas non constituir delito nem implicar concorrência desleal com o comercio regular.

<http://www.esculca.net/web/node/2122>



28/02/2012

Primeira resposta á iniciativa de asesoramento penitenciario

O 23 de febreiro o Colexio da Avogacia de Ourense comunicou a EsCULcA que en Xunta de Goberno do día 22 de febreiro acordara remitir ao Consello Galego da Avogacia, para a súa inclusión na próxima sesión, a proposta de impulsar un servizo de asesoramento penitenciario en todos os cárceres da Galiza enviada pola Asociación Concepción Arenal e o noso observatorio.

<http://www.esculca.net/web/node/2136>



21/02/2012

Decisión inamovíbel da Consellaría de Sanidade

As negativas repercusións que os polémicos cambios introducidos polo Decreto da Xunta de Galiza de 5 de setembro (DOG 09/09/2011) teñen no acceso ao cartón sanitario das persoas inmigrantes e outros colectivos en situación de exclusión social, foron o obxecto de debate na reunión que o 1º de febreiro de 2012 mantiveron co Director Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellaría de Sanidade, D. Manuel Varela Rey, representantes de tres asociacións civís: Belén Torrón Ruiz en representación de Médicos do Mundo, Miguel Fernández Blanco e Rocío Rodríguez López en representación do Foro Galego de Inmigración e Rosa Verdugo Matés en representación de Esculca.

<http://www.esculca.net/web/node/2127>



27/02/2012

Pasiva opacidade da Fiscalía no caso Lafayette

En entrevista celebrada o pasado día 23 de febreiro, o Fiscal Xeral de Galiza, D. Carlos Varela, instou EsCULcA a presentar denuncia perante o xulgado de instrución de Ferrol despois de Fernando Blanco Arce, presidente do observatorio, describir as respostas esquivas con que o Fiscal de Área de Ferrol e a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) contestaron a solicitude de información sobre a actuación daquela no caso Lafayette. EsCULcA pedira copia dos testemuños das actuacións preprocesuais da

Fiscalía de Ferrol a raíz da denuncia dun cidadán por presumíbel explotación de menores a bordo do buque, varado para reparación nos estaleiros de Navantia.

<http://www.esculca.net/web/node/2133>



09/03/2012

Direitos lingüísticos e documento público

O caso de alegado delito de falsificación de documento público do Concello de Nigrán denunciado por C.G.C., que participou na oposición para a provisión de 5 lugares de auxiliar administrativo o pasado mes de xuño e denunciou posteriormente a entidade por vulneración de dereitos lingüísticos, continúa pendente de resolución.

Despois de ver que lle era negado o dereito a realizar o exame en galego, C.G.C. presentara recurso perante o Consello e a Consellaría de Presidencia, xunto cunha declaración xurada asinada por varias das persoas que participaron na mesma proba e corroboran a veracidade da denuncia. Ao comprobar a existencia de irregularidades nas datas da documentación enviada polo concello á Consellaría para xustificar a súa actuación, o denunciante remitiu o expediente ao Valedor do Pobo e á Fiscalía de Vigo por se se tivese cometido un delito de falsidade de documento público.

<http://www.esculca.net/web/node/2150>



15/03/2012

Entrevista co novo delegado do goberno na Galiza

Agustina Iglesias e José Ángel Brandariz, en representación de EsCULca, reuníronse con Samuel Juárez, recentemente nomeado Delegado do Goberno en Galiza, na mañá do 14 de marzo.

A reunión tiña sido solicitada por EsCULca para plantexar catro puntos: 1.- Presentación do observatorio ante o novo Delegado do Goberno; 2.- Redadas contra persoas migrantes; 3.- Dereito de reunión e manifestación (identificacións policiais, prohibicións de manifestacións); 4.- Utilización da forza por parte de corpos policiais.

No decurso da reunión o Delegado manifestou o seu interese por repensar algunhas cuestións plantexadas, sempre no interese de que as prácticas policiais se guien en todo momento polo mellor respecto ao Estado de Dereito.

<http://www.esculca.net/web/node/2154>



15/03/2012

Novos expedientes contra participantes en actos de protesta na Coruña

Mais unha vez, a Subdelegación do Goberno da Coruña abriu expedientes sancionadores a participantes nos actos de protesta contra o réxime carcerario que se celebran arredor da Marcha a Teixeiro.

Ainda que este ano a Subdelegación non achou motivo algun que xustificase abrir expediente sancionador ás persoas que participaron na Marcha a Teixeiro do pasado mes de decembro, a que acudiu un equipo de observación de EsCULcA, o mesmo non aconteceu con tres persoas que supostamente terían participado na manifestación que tivo lugar posteriormente na Coruña a quen o Subdelegación do Goberno imputa a exhibición de “obxectos perigosos coa finalidade de causar intimidación” (en referencia aos mastros das bandeiras e a faixa), feito que califica como infracción leve.

<http://www.esculca.net/web/node/2153>



19/03/2012

Servizos sanitarios ainda sen transferir 8 anos despois

O Goberno Galego continua sen solicitar o traspaso dos servizos sanitarios dependentes de Institucións Penitenciarias apesar de terem já decorrido oito anos desde que venceu o prazo para negociar a transferencia.

O 29 de febreiro pasado, o goberno respondeu a pregunta formulada o 17 de janeiro pola deputada Olaia Fernández Davila relativa à transferencia à Junta de Galiza da competencia dos Servizos Sanitarios de Institucións Penitenciarias para a sua integración no SERGAS.

<http://www.esculca.net/web/node/2618>



20/03/2012

Morre interno en Bonxe por presumível falta de asistencia médica

A familia de E.A.P.L., interno de Bonxe que faleceu de doença durante unha saída autorizada, denuncia que o médico do centro penitenciario non lle prestou asistencia devida e pede que se depurem responsabilidades pola sua morte.

Tal e como explicam os familiares na denuncia apresentada junto da Guarda Civil de Lugo, no dia 20 de julho de 2011, E.A.P.L., de 33 anos, sentiu-se mal e foi ao médico do centro, que lle diagnosticou unha gastroenterite e o pujo a dieta. Dias despois morria vítima dumha pancreatite.

<http://www.esculca.net/web/node/2656>



23/03/2012

O Colexio de Médicos archiva queixa de EsCULcA

A xunta directiva do colexio de médicos de A Coruña notificou ao noso observatorio o acordo de data 6 de marzo de 2012 polo que procede ao arquivo da queixa formulada por EsCULcA referente a asistencia médica prestada a dona P.T.B o día 23.11.2011 polo facultativo sr. P.L.

<http://www.esculca.net/web/node/2738>



23/03/2012

Condicionado o dereito á información

[Tras recibir escrito do Xulgado de Lugo, Galicia Confidencial](#) retirou varios tomos do sumario da Operación Campeón que decidira publicar amparándose no dereito constitucional a que todos os cidadáns poidan recibir información libremente. A decisión foi tomada despois de o Fiscal de solicitar a apertura de dilixencias contra o xornal electrónico segundo consta en escrito remitido desde o Xulgado de Lugo.

<http://www.esculca.net/web/node/2743>



25/03/2012

Recoñecido dereito a documentación en galego

O cidadán de Vigo que denunciara o 13 de marzo que levaba 237 días na lista de espera do Sergas para unha intervención cirúrxica só por solicitar a documentación necesaria en galego obtivo por fin o dereito a asinar o consentimento informado na súa lingua. Polo mesmo motivo, o reclamante fora ameazado, no Hospital de Fátima, con non ser operado.

<http://www.esculca.net/web/node/2747>



27/03/2012

Xulgadas por atentado dous mozos feridos por un axente

O axente da Policía Local que o 6 de xullo do 2008 disparou ao chan ao sentirse acurrado na praza do Humor e feriu dous mozos non será procesado. A xuíza arquivou o caso ao entender que o axente non tivo a intención de causar dano, que o fixo de modo intimidatorio para dispersar a xente que o rodeaba. Paradoxalmente os procesados foron os dous mozos feridos a quem a xuíza imputa un delito de atentado polo que o fiscal

pide que sexan condenados a dous anos de prisión. A avogada da defensa pediu a absolución dos seus clientes ao entender que nada fixeron esa noite máis que recibir o impacto de senllas esquirilas da bala.

<http://www.esculca.net/web/node/2764>



30/03/212

Agresión policial a operador de cámara

Sen sequera poder mostrar o seu carnet profesional, un operador de cámara da CIG foi agredido e posteriormente detido cando gravaba a acción dun piquete en Vigo. O operador, que foi posto en liberdade tres horas máis tarde, captaba imaxes dun piquete cando foi reducido por catro axentes, que confiscaron o material de traballo, sen mediar provocación.

<http://www.esculca.net/web/node/2780>



30/02/2012

Non prospera Declaración do Parlamento Galego urxindo a Israel o respecto os dereitos do pobo palestino

BDS-Galiza propuxo ao Parlamento Galego a aprobación dunha declaración institucional exixindo a Israel o respecto dos dereitos do pobo palestino, o acatamento das resolucións da ONU e a fin inmediata da práctica, sobre todas infame, do secuestro, os malos tratos e a tortura de crianzas. O grupo do BNG presentou o texto ao Grupo Socialista e ao Grupo Popular mais a proposta non prosperou.

Ver [aquí](#) o texto da proposta

<http://www.esculca.net/web/node/2765>

Galiza, 15/04/2012